

**SENDAS PEONÍS NA AC-433
(LAXE). SEGUNDA FASE**

CLAVE: AC/24/010.06

1. Obxecto da Actuación

O presente proxecto ten por obxecto definir as obras necesarias para a execución da segunda fase das sendas peonís na estrada AC-433. O primeiro treito comeza na contorna do núcleo de Castrelo e se une coa senda xa executada no núcleo de Serantes, mentres que o segundo treito unirá o núcleo de Serantes, dende a senda existente co núcleo de Laxe. A actuación discorre integramente no concello de Laxe.

2. Plan de Estradas

A estrada PO-433 é unha estrada Complementaria da Rede de Estradas Convencional da Xunta de Galicia.

3. Descrición da Actuación

A actuación consistirá en executar dúas sendas peonís na marxe dereita da estrada AC-433.

O primeiro treito (senda inferior) comeza no punto quilométrico (P.Q.) 10+493 (Castrelo) e finaliza no P.Q. 11+075 na senda existente en Serantes, mentres que o segundo treito (senda superior), discorrerá entre os PP.QQ. 11+731 (Cabanas) e 12+427, onde comeza a senda peonil existente próxima á Travesía de Finllido. A actuación neste segundo treito completase coa execución de dúas zonas de aparcadoiro na marxe dereita, e unha zona de pavimento distintivo ao redor do cruceiro na entrada de Laxe.

Adicionalmente, pola marxe dereita da senda, executarase unha nova beiravía de 0,50 m de ancho que finaliza nunha gabia de seguridade de 0,50 m de ancho.

4. Características técnicas

Lonxitude: 1.903 m

Sección tipo: senda de 1,80 m de ancho mínimo + bordo de formigón 22x15 cm. Na entorna do P.Q. 0+750 existe unha estrutura que fai que o ancho da senda varíe entre 1,70 m e 0,90 m. A elevación da senda con respecto á rasante da calzada será 10 cm.

Treito 1 (senda inferior):

Carrís existentes 2 x 3,30 m
Beiravía dereita 1 x 0,50 m
Beirarrúa dereita 1 x 2,02 m
Gabia marxe dereita 1 x 0,50 m

Treito 2 (senda superior):

Carrís existentes 2 x variable (3,20-3,25 m)
Beiravía dereita 1 x variable (0,50-0,60 m)
Beirarrúa dereita 1 x 2,02 m
Rígola marxe dereita 1 x 0,40 m
Zona de aparcadoiro 1 x 2,50 m

Trazado: as sendas proxectadas sitúanse na marxe dereita da estrada AC-433 seguindo o seu trazado actual, e terán 2,02 m de ancho. O primeiro treito da senda entre Castrelo e Serantes, apoiárase sobre o recheo da AC-433 polo que a actuación limitarase á retirada de terra vexetal e a súa substitución por materiais seleccionados. No treito 2 dispórase unha explanada de 75 cm de solo seleccionado.

Firmes e pavimentos:

- *Senda:* 14 cm formigón HF-4 monocapa, de cor terrizo e acabado semipulido

- *Accesos e entradas:* 20 cm de formigón HM-20 con maiazo de aceiro B-500 S de Ø 10 x 15 x 15 sen coloración e acabado fratasado.

- *Zonas de aparcadoiro e beiravías:* subbase de saburra artificial de 20 cm e capa de rodadura de 21 cm de formigón HF-4.0 con acabado fratasado.

- *Reposición de camiños:* subbase de 25 cm de saburra artificial, rega de imprimación tipo C60BF4 IMP e capa de rodadura de 5 cm de mestura bituminosa en quente (MBQ) tipo AC 16 surf BC 50/70 S.

- *Pavimentación na contorna do cruceiro:* laxas de 14x14x14 de granito gris Mondariz de acabado rústico, sobre unha capa de 20 cm de saburra artificial e unha capa de area de entre 3 e 4 cm.

- *Pasos de peóns e cruces con outras estradas:* capa base de 10 cm de formigón en masa HM-20, capa intermedia de 5 cm de mortero de cemento e capa de rodadura de 6 cm de pavimento podotáctil direccional.

Drenaxe: os elementos básicos de recollida e transporte das augas de escorrenta son:

- Gabias: triangulares e revestidas de formigón

- Colectores: de PVC de Ø 315 mm, conectados mediante pozos e arquetas colocados cada 35 m

- Sumidoiros: colocados en puntos baixos e intermedios para a recollida da auga que discorre pola plataforma, conectados aos pozos de rexistro mediante tubos de PVC de Ø 200.

Non se contemplan novas obras de drenaxe transversal (ODT), pero si a ampliación dalgunhas existentes debido á ampliación da plataforma co ancho da senda.

5. Poboación Servida

Laxe 2.939 hab.

TOTAL: 2.939 hab.

6. Concellos Afectados

Laxe

7. Expropiacións

Parcelas afectadas	7 parcelas (580,83 m ² no concello de Laxe)
Expropiación de terreos	7.118,53 €
Bens afectados	1.671,00 €
Premio de afección	439,48 €
Ocupación temporal	152,11 €
TOTAL	9.381,12 €

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (12) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	900.692,93 €
Orzamento total de Expropiacións	9.381,12 €
Orzamento Plan de vixilancia ambiental	13.200,00 €
Orzamento reposición servizos afectados	15.670,12 €
Orzamento para coñecemento da administración	938.944,17 €

10. Orzamentos por concello

<u>Concello</u>	<u>Estrada</u>	<u>Orzamento</u>	<u>%</u>
Laxe	AC-433	938.944,17 €	100

PLANO DE SITUACIÓN



SECCIONES TIPO

